



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2026

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

En Ordes, a nove de xaneiro de dous mil vinte e seis.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERDE REY

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. PARTICIPACIÓN NO POS+ ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026.

Vistas as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2026", que se destina aos 93 concellos da provincia (BOP nº 231, de data 02/12/2025).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto que xunto co POS+2026 regúlase simultaneamente, o POS+ ADICIONAL 1/2026 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Vista a cantidade do POS+ ADICIONAL 1/2026 asignada a este concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026 por importe de **134.899,04 €**.

Vistas as tipoloxías de gastos sociais que segundo a Base reguladora do POS+ 2026. **12ª.1. OBXECTO:** (A) Gasto Corrente, (B) Gasto de Investimento e (C) Gastos excluído, que poden financiarse coa achega provincial.

Visto o ditame favorable, de data 02/01/2026, da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que valoran positivamente a participación do concello de Ordes neste POS+ Adicional, precisamente por que axuda á financiación de servizos moi básicos e necesarios para a veciñanza. Servizos delegados na administración municipal, moitas veces infrafinanciados. Van a votar a favor aínda que elas farían unha proposta diferente á que se lles presenta hoxe aquí. En concreto votan en falta que non se solicite diñeiro para investimentos, que lles permitiría iniciar un banco de préstamo de puntos de apoio, permitindo ás familias a adquisición de material posicionador, camas articuladas. Esta é unha reivindicación que xa expuxemos aquí en moitas ocasións, agradecerían que se tivera en consideración para vindeiras ocasións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como fixeron o ano pasado, van a estar a favor de participar neste POS+ Adicional que lle vai a permitir que o concello opte a esa achega provincial, que aumenta en 18.000,00 euros, con respecto a achega do ano 2025. Recalcar que debemos loitar para que as administracións con competencias, a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma aporten integramente os custes que lle supoñen aos concellos o gasto en materia de servizos sociais, que están a asumir os concellos con fondos propios, neste caso a través das axudas da administración provincial que non ten competencias neste materia. O concello de Ordes ven gastando entorno a 1,3 millóns de euros en gasto social a través da delegación feita na Mancomunidade de municipios da comarca de Ordes, que entendemos que esta achega tamén formará parte dese gasto en servizos sociais.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que a aportación do concello aos servizos sociais básicos ademais das cantidades que indicou o voceiro do BNG, hai que sumarlle a aportación da Xunta de Galicia a través do Plan concertado. As medidas de apoio as que se refire a voceira do PSdeG-PSOE están contempladas no contrato de SAF da Mancomunidade, tamén se presta o SAF libre pola empresa adxudicataria da xestión deste servizo. Calquera persoa que precise estas medidas pode solicitalas da Mancomunidade a través do procedemento correspondente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (8 grupo político PP, 4 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ Adicional 1/2026**" da Deputación Provincial da Coruña



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptando a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ Adicional 1/2026: **134.899,04 €**.

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ ADICIONAL 1/2026	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	134.899,04 €	0,00 €	134.899,04 €	134.899,04 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	134.899,04 €	0,00 €	134.899,04 €	134.899,04 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	134.899,04 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ ADICIONAL 1/2026 (I + II + III)	134.899,04 €

2. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que faga o Concello das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na páxina web e/ou redes sociais municipais.
3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás catorce horas e trinta e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias